

12Memoria económica

O 2010 foi o ano de finalización tanto do anterior Plan de financiamento do sistema universitario galego como do primeiro Plan estratéxico da UDC. O contexto actual, marcado pola caída do financiamento público, dista moito das previsións que se fixeron no momento da elaboración destes documentos e obrigou a importantes sacrificios en materia de persoal e infraestruturas. Aínda así, os indicadores do Plan de financiamento mostran unha boa evolución global dos nosos obxectivos. A programación económica, que demostrou a súa eficacia para suavizar os efectos da falta de financiamento, ten a súa continuidade nunhas liñas xerais para o próximo trienio aprobadas polo Claustro, que supoñen unha clara aposta pola responsabilidade institucional, ao reservar para o bienio 2012-2013 cuantiosos recursos extraordinarios e os novos aforros xerados.

Orzamento e Plan operativo de 2010

Na páxina web da Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica (http://www.udc.es/sobreUDC/vice_estratexia_e_planificacion_economica/documentos/orzamentos.html) están dispoñibles o orzamento e o POA do exercicio 2010.

O Plan operativo anual 2010 concreta a Programación plurianual 2009-2010 e vincula o orzamento coas ac-

tuacións programadas no Plan estratéxico da UDC. Estrutúrase en tres apartados:

- Revisión das previsións orzamentarias da programación plurianual.
- Principais conclusións extraídas da revisión dos indicadores do Plan estratéxico.
- Dotación económica de actuacións relevantes recollidas no Plan estratéxico.

A previsión xeral da programación plurianual respecto da evolución económica en 2010 era a seguinte:

En canto ao exercicio 2010, a UDC pode garantir a continuidade da súa actividade corrente sen restricións significativas, incluso no escenario desfavorable (persistencia da diminución dos ingresos non financeiros da Xunta e ausencia de desenvolvemento do Plan de financiamento), aínda que nese caso sería necesario asumirmos unha desaceleración das políticas de investimentos e de contratación de persoal. Para garantirmos esta situación, deberán repor-se os recursos propios dispoñibles [...].

O contexto do ano 2010 correspondeuse co escenario desfavorable recollido nesas previsións e resúmese no POA do seguinte xeito:

Desde a formulación da Programación plurianual vixente, a deterioración da situación das

finanzas públicas e a interpretación restritiva do Plan de financiamento do SUG sitúannos nun contexto extremadamente desfavorable en que é imprescindible aplicar políticas de austeridade en materia de persoal e, en especial, de novos investimentos. Baixo esas premisas,

o saneamento das finanzas da UDC permitirá afrontar o novo exercicio grazas á aplicación masiva dos fondos propios dispoñibles.


A evolución do orzamento, a nivel de agregación de capítulos, reflíctese no seguinte cadro:

INGRESOS	2009	%	2010	%	09/10
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	18.401.129	13,4%	18.395.095	13,4%	0,0%
Capítulo IV: Transferencias correntes	95.573.645	69,4%	86.572.806	62,9%	-9,4%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	1.238.000	0,90%	865.000	0,6%	-30,1%
Capítulo VII: Transferencias de capital	16.082.391	11,7%	19.038.870	13,8%	18,4%
Capítulo VIII: Activos financeiros	6.500.000	4,7%	12.800.000	9,3%	96,9%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0	0,0%	0	0,0%	0,0%
Total	137.795.166	100%	137.671.770	100%	-0,1%

GASTOS	2009	%	2010	%	09/10
Capítulo I: Gastos de persoal	86.792.393	63,0%	92.736.789	67,4%	6,8%
Capítulo II: G. correntes bens e servizos	19.952.225	14,5%	19.460.979	14,1%	-2,5%
Capítulo III: Gastos financeiros	32.500	0,0%	32.500	0,0%	0,0%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.867.206	2,8%	3.931.809	2,9%	1,7%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000	0,2%	250.000	0,2%	0,0%
Capítulo VI: Investimentos reais	26.223.481	19,0%	20.662.137	15,0%	-21,2%
Capítulo VII: Transferencias de capital	1.270	0,00%	1.270	0,0%	0,0%
Capítulo VIII: Activos financeiros	208.250	0,2%	119.500	0,1%	-42,6%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	467.840	0,3%	476.786	0,3%	1,9%
Total	137.795.166	100%	137.671.770	100%	-0,1%


Cadro 193 Evolución do orzamento por capítulos

Graficamente é evidente o cambio de tendencia que supón esta conxelación do orzamento global:



Cadro 194 **Evolución do orzamento da UDC**


No seguinte gráfico apréciase como os recursos propios aplicados pasan de 6,5 a 12,8 millóns de euros, compensando a caída de 5,2 millóns no financiamento autonómico:



Cadro 195 **Composición dos ingresos**

Canto aos gastos, a conxelación obrigou, dado o crecemento vexetativo do gastos de persoal, e a pesar do

aforro logrado no gasto corrente, a recortar fortemente os investimentos (especialmente en obra nova):



Cadro 196 Composición dos gastos

A valoración global que se fai do orzamento é a seguinte:

A política de prudencia e rigor orzamentario da UDC permitiulle afrontar en condicións relativamente favorables os dous últimos orzamentos, a pesar do contexto económico recesivo, mais esta situación non é sostible. O último orzamento elaborado baixo o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia vixente pon de manifesto que este non acadou os obxectivos de suficiencia financeira nin de converxencia externa nin interna: a partida de financiamento incondicionado da UDC está case 15 millóns de euros por baixo das previsións para 2010 dese acordo (que constitúen un referente máis axeitado que a

situación actual para afrontar o 2011); o SUG está á cola do Estado en financiamento universitario; e as diferenzas dentro do SUG non se reduciron en absoluto no seu período de vixencia. A UDC é a universidade pública con menor financiamento por alumno do Estado, e as diferenzas no financiamento vense agravadas pola ausencia de correccións dos déficits de infraestruturas, perpetuado así o desequilibrio e impedindo a cooperación e competencia en igualdade de condicións. No momento en que se afronta o reto histórico da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é imprescindible que o novo acordo de financiamento aplique de xeito efectivo os principios de suficiencia, equilibrio e eficiencia.

Liquidación do orzamento do exercicio 2009

A liquidación do orzamento do exercicio 2009, aprobada polo Consello de Goberno e, unha vez auditada polo Consello Social, pódese consultar no enderezo electrónico http://www.udc.es/sobreUDC/vice_

[estrategia_e_planificacion_economica/documentos/memorias_economicas.html](http://www.udc.es/sobreUDC/vice_estrategia_e_planificacion_economica/documentos/memorias_economicas.html).


A execución orzamentaria por capítulos foi a seguinte:

Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	18.395.095	17.209.293
IV: Transferencias correntes	86.572.806	98.913.137
V: Ingresos patrimoniais	865.000	1.271.278
VII: Transferencias de capital	19.038.870	26.903.318
VIII: Activos financeiros	12.800.000	0
IX: Pasivos financeiros	0	2.224.933
Total ingresos	137.671.770	146.521.959
I: Gastos de persoal	92.736.789	86.485.087
II: Bens correntes e servizos	19.460.979	18.179.313
III: Gastos financeiros	32.500	35.509
IV: Transferencias correntes	3.931.809	4.508.560
V: Fondo de continxencia	250.000	0
VI: Investimentos reais	20.662.137	33.248.516
VII: Transferencias de capital	1.270	1.202
VIII: Activos financeiros	119.500	167.500
IX: Pasivos financeiros	476.786	420.536
Total gastos	137.671.770	143.046.223

Cadro 197 Orzamento e liquidación do exercicio de 2009

O seguinte gráfico mostra como o resultado orzamentario, pese a manter o seu signo positivo (por sex-

to ano consecutivo), ten unha magnitude moito máis moderada que nos tres anos anteriores:



Cadro 198 Saldo orzamentario / Orzamento - Remanente non afectado / Orzamento

Como consecuencia da aplicación masiva de fondos no orzamento de 2010 e da moderación das economías acadada en 2009, o remanente libre dispoñible

para o exercicio en curso, malia seguir sendo significativo, é aproximadamente a metade que o do ano anterior:




Cadro 199 **Aplicación do remanente líquido**

Non obstante, segundo se recolle nas Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2011-2013, estes recursos propios veranse suplementados nes-

te período polos xerados polos aforros impostos en 2010 e por recursos extraordinarios que foron adiadados na procura da sustentabilidade económica.

Finalmente, mantense unha xestión de pagamentos óptima, finalizando o ano con tan só un 0,25% dos pagamentos pendentes (0,84% incluíndo o paga-

mento da Seguridade Social de decembro, que se aboa no exercicio seguinte):




Cadro 200 Pagamentos pendentes a 31 de decembro

Indicadores do Plan estratéxico

En 2010 rexistráronse os indicadores correspondentes ao ano 2009 integrados no Cadro de mando do plano estratéxico da UDC, que se atopan no enderezo web http://www.udc.es/sobreUDC/vice_estrategia_e_planificacion_economica/planificacion_estrategica/.

Completouse a información dispoñible, que alcanza o 98% dos 94 indicadores vixentes, e o nivel de cumprimento é alto nun 65% dos casos, parcial nun 15% e baixo no 20%:



Da análise do POA 2010 extraíse as seguintes conclusións da súa análise:

- *Confírmase o importante impulso dado á implantación do EEES, aspecto central no Plano estratéxico, nas súas distintas dimensións (infraestruturas, persoal, organización docente, formación,*
- *mapa de titulacións, TICs, captación de alumnado...).*
- *No referente á investigación, aínda que seguen a observarse carencias, tamén se aprecian algúns avances significativos, como en materia de formación de persoal e en produción científica.*

Outras actuacións relevantes

Adicionalmente ás súas actividades habituais, no ano 2010 desenvolvéronse importantes novidades desde os servizos de Xestión Económica e Financeira:

- No marco do programa de simplificación da xestión, os documentos contables de modificacións de créditos (incorporacións, xeracións, transferencias) e as copias das facturas emitidas, pasaron de enviarse por correo interno mediante nota interior a remitirse por correo electrónico desde o Servizo de Xestión Financeira.
- Desenvolveuse o sistema que permite aplicar a exención total do IVE correspondente aos gastos de investigación e parcial ás de carácter mixto docente e investigador.
- Desenvolveuse a contabilidade financeira, que será aplicada por primeira vez na liquidación do exercicio 2010.

Por último, no Claustro do 18/11/2010 aprobáronse as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 (http://www.udc.es/sobreUDC/vice_estratexia_e_planificacion_economica/documentos/orzamentos.html), en que se establecen as bases do Plan de Sustentabilidade 2011-2013 esixido pola Xunta de Galicia. Aínda que a súa vixencia se refire a un período posterior ao de referencia deste informe, polo que non procede profundar agora no seu contido, cómpre salientar que a sustentabilidade económica descansa nun exercicio de responsabilidade consistente en reservar para o bienio 2012-2013 significativos recursos extraordinarios e recursos propios que permitan compensar parcialmente, sen evitar a necesidade de importantes recortes do gasto, a insuficiencia do financiamento público.